

Caderno de campo, Ulla Naturalmente

Asociación Raiceiros (2018)

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 91


A Asociación Raiceiros vén de editar un material didáctico dirixido ao alumnado de educación primaria, que leva por título “Caderno de Campo, Ulla Naturalmente”. Este proxecto, iniciado en 2018, pretende poñer en valor o rico patrimonio natural do río Ulla e xerar procesos de reflexión e concienciación sobre a importancia de conservar o medioambiente entre os/as máis novos/as.

En Raiceiros levan máis de 17 anos traballando na recuperación e difusión do patrimonio cultural, natural, etnográfico e histórico, desenvolvendo calquera tipo de actuación encamiñada á promoción da cultura en tódolos seus aspectos e manifestacións, e fomentando a participación activa das persoas no desenvolvemento social e cultural da comarca da Ulla. Algúns exemplos son: o libro e a exposición “As pontes do río Ulla, natureza e cultura” (2013), o xogo didáctico “De ponte en ponte, arredor do Ulla” (2016) etc.

O río Ulla como eixe vertebrador da comarca natural do mesmo nome, e como espazo de interese cultural, social e medioambiental é o protagonista deste material didáctico. Este río é o segundo río galego con maior extensión, despois do Miño. Desde o seu nacemento na Ulloa, ata a súa desembocadura, na ría de Arousa, percorre 132 quilómetros bañando 19 concellos.

Este caderno de campo recolle 35 actividades orientadas a estimular entre a rapazada o converterse en vixías do río Ulla a partir do cumprimento dun decálogo de boas prácticas. O percorrido axudaralles aos participantes a descubrir a paisaxe natural (flora e fauna que acolle nas súas augas e ribeiras) e humana (tradición oral, toponimia, xeografía, contaminación no ambiente...) da súa contorna máis próxima.

En conclusión, destacamos a necesidade de crear espazos, tempos e circunstancias que nos leven a reflexionar onde estamos, de onde vimos e cara a onde imos, e sobre todo o valor que lle damos ao que nos rodea. Un recurso destas características axuda a favorecer procesos de ensinanza-aprendizaxe nos que as vivencias persoais, a interxeracionalidade, a observación, o intercambio... son a liña de acción a seguir. ■



Héctor Rodríguez Martínez